


FOCO
KENJI
MIZOGUCHI

**8 obras mestras
en copias novas
recén restauradas**

481

capricci
NUMAX



foi dito e feito: a linguaxe da posta en escena. Se dicimos que a música é un idioma universal, daquela tamén o é a posta en escena: é esa linguaxe, e non o xaponés, a que temos que aprender para entendermos a Mizoguchi. Unha linguaxe compartida mais levada aquí a un grao de pureza que o noso cinema occidental rara vez ten acadado.

[...] Mizoguchi atráenos porque, en primeiro lugar, non fai ningún

esfuerzo por gustarnos, e non fai ningunha concesión ao espectador. Semella o único cineasta xaponés fiel ás súas propias tradicións (Yang Kwei-Fei é parte do repertorio nacional ao igual que é o noso Cid), é tamén o único que representa valores realmente universais, a través da súa especificidade. O seu é o mundo do irremediábel, mais nel o destino non implica necesariamente

unha condena. Non hai aceptación da submisión senón un camiño á reconciliación. Que tratan os dez filmes que coñecemos del? Todo o que sucede neles ten lugar no tempo puro do presente eterno: neles, pasado e futuro adoito mesturan as súas augas; a mesma meditación sobre a duración percorre os tempos; todo finaliza co goce sereno de quen conquistou o fenómeno ilusorio da perspectiva. O único suspense é esa liña irreversible que se ergue cara a un certo nivel de éxtase, a correspondencia desas notas finais, esas harmonías sostidas sen fin, que xamais serán completadas e expiran coa respiración dos músicos.

Finalmente todo se une na busca do lugar central onde as aparicións e aquilo que chamamos natureza (ou vergoña, ou morte) se reconcilian co ser humano. Unha busca similar á do Romanticismo alemán, ou á de Rilke e Eliot; aquela que comparte tamén a cámara, situada sempre no punto exacto de maneira que a máis leve modulación disloca todas as liñas do espazo e olla o rostro secreto do mundo e os seus deuses.

Unha arte da modulación.

Publicado en *Cahiers du Cinema* 81
(marzo de 1958).



EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org

4€
Faite NUMAX!

**Abónatelo
agora e ven
sempre por**

FOCO
KENJI
MIZOGUCHI

29 de xaneiro – 28 de maio de 2019
Pases únicos os martes

**8 obras mestras en copias
novas recén restauradas**



O cinema dos camiños cruzados

Por Eduardo A. Russo

O cinema mizoguchiano vértase arredor de figuras femininas. En Xapón foi considerado desde os anos 30 como *feminisuto* (feminista), aínda que o termo xaponés define máis unha tendencia á celebración e mesmo a idolatría da muller que á promoción dos seus dereitos. A muller en Mizoguchi asume tres figuras fundamentais: a princesa, a prostituta e a sacerdotisa. A primeira é aquela de procedencia aristocrática e condeada á caída. A segunda é unha rebelde que debe gañarse dolorosamente a vida e promove unha protesta individual que polo xeral non leva a ningures.

A terceira, seguramente a máis fascinante para Mizoguchi, é aquela que ama até o autosacrificio. A manifestación suprema desta figura seguramente sexa *A emperatriz Yang-Kwei Fei*.

(...) A de Mizoguchi é unha das obras máis plenamente instaladas no melodrama da historia do cinema e enfronta o espectador co estado de tensión constante padecido polos seus heroes e heroínas. Ao carácter *shibui* -elegancia pausada- do seu cinema debe agregarse a inclinación polo que o crítico xaponés Tadao Sato deu en chamar *postura inestábel*. Os filmes de Mizoguchi non buscan xustificar unha tese concreta, a pesar de formular denuncias sempre problemáticas. Son máis a crónica dun proceso que a edificación dun estado. Cando semellan culminar nun certo sentido, esvaran cara a outro.

Un dos maiores especialistas no seu cinema, Dudley Andrew, describiuno desta maneira: os seus filmes non son obxectos dispostos

a seren observados, senón actos significativos, sucesos que poñen en movemento a resposta do espectador. A relación que o cinema de Mizoguchi propón, en última instancia, consiste non tanto nunha identificación cos personaxes e as súas desventuras, senón nunha emoción que reclama ao mesmo tempo a interpretación, como sucede n'*A rúa da vergoña* co enigmático primeiro plano que pecha a súa filmografía. Deste xeito enriquece a nosa experiencia e asómanos ao misterio que non deixar de renovar o interrogante e fai revisitar ese mundo que se ensancha con cada mirada.

Publicado en *El amante* (nº 114, setembro 2001)

O John Ford xaponés

Por Víctor Erice

Creo que poucos cineastas occidentais serían quen de filmar a morte dun personaxe protagonista como é a muller de Genjuro n'*Os contos da lúa pálida* (1953) nun travelling lateral, onde o personaxe principal está no borde do fotograma e non hai absolutamente ningún énfase na posta en escena. A min paréceme unha das escenas de morte máis extraordinarias que se teñen filmado na historia do cinema, o que demostra o gran talento de Mizoguchi. Ao facelo así resulta infinitamente máis expresivo que a obsesión pola énfase que podería poñer na escena un cineasta occidental. Nese sentido vexo unha relación co cinema de John Ford. Non hai que esquecer que o cinema norteamericano e o xaponés sempre tiveron unha certa relación. Sabemos que os grandes mestres nipóns como Ozu, Naruse ou Mizoguchi, eran grandes admiradores do cinema norteamericano clásico, especialmente o dos anos 20 e 30. Creo percibir influencias e travases, como as hai en Kurosawa posteriormente (...), porén nos grandes mestres xaponeses non hai esa busca da significación, hai unha actitude máis desapaixonada, ou unha forma máis soterrada de paixón porque eu creo que Mizoguchi fai filmes cheos de paixón pero é o conxunto o que a xera e non un plano en concreto.

O mundo da representación mudou desde o tempo de Mizoguchi até os nosos días, o mesmo pulso da vida cotiá cambiou. Tanto Ford como Mizoguchi traballaban dentro de ficcións moi transparentes, os dous nutríanse dun certo potencial da lenda, sexa esta a épica da construción dos Estados Unidos como nación ou, en Mizoguchi, o pasado do seu país cun importante caudal lendario. Eles traballaron sobre modelos ideais namentres que tras a chegada da modernidade o mundo virou ambiguo, non existe a transparencia e a vida queda despoxada dos seus rituais. Ford e Mizoguchi contemplaban mundos onde os rituais sociais estaban moi vixentes, e iso construía personaxes emblemáticos, que hoxe están rotos.

Recollido de «Victor Erice on Kenji Mizoguchi», dispoñíbel en youtube.com

Mizoguchi por Godard

Cales son os teus tres cineastas favoritos? Mizoguchi, Mizoguchi e Mizoguchi. (...) A súa arte consiste en absterse de calquera esixencia exterior ao seu obxectivo, deixar que as cousas se presenten por si propias, permitindo que o pensamento interveña apenas para borrar as propias pegadas e achegar así mil veces máis eficacia aos obxectos que somete á nosa admiración. É, por tanto, unha arte realista, e tamén será realista a súa posta en escena.

Jean-Luc Godard en *Cahiers du Cinéma* («Universalité du génie», xullo 1957)

* * *

Unha arte da modulación

Por Jacques Rivette

Como falar sobre Mizoguchi sen caer na dobre trampa: a xerga do especialista ou a do humanista? Pode deberse a que os seus filmes deben algo á tradición ou o espírito do No ou o Kabuki, pero quen pode explicarnos o significado profundo desas tradicións? E non estaríamos acaso a tentar explicar o descoñecido a través do inescrutábel? O que está fóra de toda dúbida é que a arte de Mizoguchi obedece a unha mente xenial inscrita no contexto dunha tradición dramática. Pero tentar unha aproximación en termos de cultura nacional e extraer grandes valores universais vains facer máis sabios? Que o ser humano comparte a súa condición en calquera parte do mundo é algo que xa deberamos agardar; sorprenderse de tal cousa non deixa de retratarnos a nos mesmos.

Mais estes filmes, que nos contan nun idioma alienígena historias completamente estrañas aos nosos costumes e xeitos de vida, fálannos nunha linguaxe familiar. Que linguaxe? A única na que un cineasta deba expresarse cando xa todo

CALENDARIO DE PROYECCIONS

29 de xaneiro
CONTOS DA LÚA PÁLIDA
(*Ugetsu Monogatari*, 1953)

12 de febreiro
A SEÑORITA OYU
(*Oyû-sama*, 1951)

5 de marzo
OS MÚSICOS DE GION
(*Gion bayashi*, 1953)

19 de marzo
A MULLER CRUCIFICADA
(*Uwasa no onna*, 1954)

2 de abril
O INTENDENTE SANSHO
(*Sansho Dayu*, 1954)

16 de abril
OS AMANTES CRUCIFICADOS
(*Chikamatsu monogatari*, 1954)

14 de maio
A EMPERATRIZ YANG KWEI-FEI
(*Yôkihi*, 1955)

28 de maio
A RÚA DA VERGOÑA
(*Akassen chitai*, 1956)

* As horas de cada sesión iranse comunicando en www.numax.org